

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS**

*EXTRACTO da Resolución do 11 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións á creación audiovisual para a promoción do talento audiovisual galego e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento CT207E).*

BDNS (Identif.): 689462.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas todas as persoas físicas residentes, cando menos durante un ano previo a esta convocatoria, na Comunidade Autónoma de Galicia ou nun Estado membro da UE, ou que forme parte do acordo que establece a Área Económica Europea.

2. Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas autónomas ou xurídicas que estean constituídas como produtora independente no momento de presentar a solicitude e sexan residentes, cando menos durante un ano previo a esta convocatoria, na Comunidade Autónoma de Galicia ou nun Estado membro da UE, ou que forme parte do acordo que establece a Área Económica Europea.

Segundo. *Finalidade*

O apoio á creación de obras audiovisuais con decidida vocación artística e cultural e, en concreto, a escrita de guións e a realización de curtametraxes a cargo de creadores/as individuais, e a posproducción de curtametraxes e realización de longametraxes a cargo de empresas individuais ou produtoras, e proceder á súa convocatoria para o ano 2023.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 11 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións á creación audiovisual



para a promoción do talento audiovisual galego e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento CT207E).

Cuarto. *Importe*

Para a concesión das subvencións destínase un crédito global de 194.000 euros, con cargo ás seguintes aplicacións do orzamento da Axencia Galega das Industrias Culturais:

Aplicación orzamentaria	Ano 2023	Ano 2024
10.A1.432B.480.0	66.000,00 €	-
10.A1.432B.770.0	15.000,00 €	113.000,00 €

Código de procedemento 2015-00003

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes desde o día seguinte á publicación da correspondente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2023

Román Rodríguez González  
Presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais

